

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GONDOMAR

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES DO XII CERTAME FOTOGRAFICO VIAXANDO, ORGANIZADO POLO ESPAZO XOVE DE TUI E AS OFICINAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN XUVENIL DE GONDOMAR, A GUARDA, TOMIÑO, SALCEDA DE CASELAS, BAIONA, O ROSAL E O PORRIÑO

“BASES DO “XII CERTAME FOTOGRAFICO VIAXANDO”

ORGANIZAN: ESPAZO XOVE DE TUI E AS OFICINAS MUNICIPAIS DE INFORMACION XUVENIL DE GONDOMAR, A GUARDA, TOMIÑO, SALCEDA DE CASELAS, BAIONA, O ROSAL E O PORRIÑO

TEMÁTICA

— A temática responderá ao título do certame “VIAXANDO”

PARTICIPANTES E FOTOGRAFÍAS

Participará en concurso único, mocidade de entre 12 e 35 anos. Cada participante pode presentar unha única fotografía. As fotografías poderán ser en cor ou branco e negro, presentaranse en papel fotográfico cun tamaño de 20X30, sempre pegadas sobre unha cartolina negra DIN A3.

A fotografía deberá ser orixinal, inédita e non ter sido premiada nin recoñecida ou seleccionada noutros certames. Asemade, deberán estar libres de dereitos que poidan posuír terceiros.

As fotografías nas que aparezan menores de idade concursarán baixo a responsabilidade do autor/a.

FORMA DE PRESENTACIÓN

A fotografía entregárase nun sobre pechado coa indicación “VIAXANDO” e o pseudónimo do autor/a no exterior do mesmo.

Cada foto levará no dorso o pseudónimo do autor/a e o título de dita fotografía.

Noutro sobre pechado irá por fóra o pseudónimo e no interior os seguintes datos: nome, apelidos, enderezo, teléfono, fotocopia DNI ou tarxeta de residencia. O sobre pequeno irá dentro do grande.



Venres, 11 de maio de 2018

Núm. 91

LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

As fotografías entregaranse nas instalacións do Espazo Xove de Tui a nas OMIX da Guarda, O Rosal, Tomiño, Baiona, Gondomar, Salceda de Caselas e O Porriño, nos seus horarios de atención ó público. O prazo rematará o 26 de setembro do 2018 .

Cando a fotografía se presente por correo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o remitente deberá de comunicalo por fax ou correo electrónico ó concello correspondente ou Espazo Xove de Tui, o mesmo día no que a presente.

XURADO E FALLO

O xurado estará integrado por membros da organización ou persoas nas que se delegue en número impar. O fallo do xurado darase a coñecer nos medios de comunicación, nas redes sociais das OMIX, ademais de comunicalo persoalmente ao gañador/a por teléfono. Dito fallo farase público o 9 de outubro de 2018.

PREMIO

Concederase un único premio consistente nun curso personalizado de fotografía, a realizar nalgún dos concellos organizadores nos tres meses seguintes do fallo público.

EXPOSICIÓN

Coas fotografías presentadas a concurso realizarase unha exposición itinerante que percorrerá o Espazo Xove de Tui e as OMIX que forman parte deste traballo en rede, inaugurándose oficialmente no Concello de Gondomar.

DEREITOS PATRIMONIAIS DE EXPLOTACIÓN DA FOTOGRAFÍA PREMIADA

De conformidade co previsto na Lei de Propiedade Intelectual, o autor da fotografía premiada, sen prexuízo dos dereitos morais que lle corresponden, cede ás OMIX que levan a cabo este traballo en rede e o Espazo Xove de Tui co carácter de exclusividade, os dereitos patrimoniais de explotación da fotografía gañadora.

OBRAS NON PREMIADAS

A presentación dunha fotografía a este concurso supón a autorización expresa da súa reprodución en calquera formato que se estime necesario para a divulgación do concurso ás OMIX e ó Espazo Xove de Tui que forman parte deste traballo en rede, especialmente no referido á súa promoción, difusión, comunicación e exhibición, incluídos exposicións, catálogos e páxinas web.



Venres, 11 de maio de 2018

Núm. 91

As obras non premiadas poderán ser devoltas a petición dos seus autores/as, sempre pola súa conta entre os meses de outubro a decembro de 2019, perdendo os seus dereitos no caso de non facelo. No caso de solicitar a devolución por axencia de transporte, devolveranse a portes debidos.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste certame supón a aceptación total das presentes bases e fallo do Xurado. O Xurado queda facultado para dirimir calquera eventualidade non prevista nelas.

— O xurado poderá declarar deserto o premio.

